



## CEIP Emilia Pardo Bazán

### ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PERSOAL AUXILIAR COIDADOR NO CONSELLO ESCOLAR

#### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 01-10), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar,

**SECTOR DE PERSOAL DE ATENCIÓN COMPLEMENTARIA**, segundo as seguintes normas:

No texto consolidado da LOMCE art. 126.8 sinala este aspecto:

*“Nos centros específicos de educación especial e naqueles que teñan unidades de educación especial formará parte tamén do Consello Escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.”*


Tal e como establece a Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos. (DOG do 4 de novembro). Corrección de erros DOG 15-11-96. A elección do persoal de atención educativa complementaria realizarase conforme o procedemento previsto no Decreto 92/1988, do 28 de abril, para os representantes do persoal de administración e servicios.

O representante do persoal de atención educativa complementaria será elixido, cando corresponda polo persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado a mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, tendo todo o persoal que reúna os requisitos indicados a condición de elector ou elixible, debendo, en todo caso presenta-la oportuna candidatura perante a xunta electoral.

1. Conforme o establecido no texto consolidado da LOMCE art. 126.8 que sinala este aspecto, corresponde elixir no presente proceso electoral a UN/UNHA coidador/a, que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- O censo electoral de persoal de *atención educativa complementaria* está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores de primaria do Centro.
- 3.- As **candidaturas** correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14'00 horas do día 14 de novembro.
- 4.- Para a elección do citado representante constituirase unha mesa electoral integrada polo director, que actuará como presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.
- 5.- Cada membro do persoal de *atención educativa complementaria* fará constar na papeleta das eleccións un máximo de UN nome da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable, facendo constar na papeleta o nome da persoa á que se lle outorga a representación.
- 7.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 5 de novembro de 2014

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

  
Asdo.: José Manuel García Yanes